

Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos*MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE
AUGA POTABLE*

Rematado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 01.07.2024, de modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de subministración de auga do concello do Grove, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 10/07/2024 (BOPPO nº 134), procedéndose segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local 7/1985 de 2 de abril, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

Contra o presente acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

*ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DO CONCELLO DO
GROVE**PREÁMBULO*

A subministración da auga potable é un servizo de competencia municipal (artigo 25.2.1 da LBRL e 80.2.1 da LALG) e de prestación obrigatoria (artigo 26.1.a da LBRL e 81.a da LALG) para todos os concellos, cualificado como servizo esencial (artigo 86.2 da LBRL).

O obxecto da presente ordenanza é a regulación da prestación do servizo de abastecemento de auga potable no termo municipal do Grove cuxa xestión lle corresponde ao Concello, con independencia da fórmula que poida adoptar para a súa xestión en cada intre, todo iso co fin de prestar un servizo de calidade, en cantidade suficiente, con carácter permanente e a un custo razoable para os usuarios.

Os aspectos fiscais regúlanse na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga potable.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

*CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS**ARTIGO 1. OBXECTO E DENOMINACIÓNS*

1. O obxecto da presente ordenanza é a regulación das condicións de prestación do servizo público de subministración de auga potable no concello do Grove.

2. Denomínase usuario a calquera persoa física ou xurídica que teña autorizado o servizo municipal de subministración de auga.

3. Denomínase prestador do servizo ao Concello do Grove.

4. Denomínanse Servizo Municipal de Augas á unidade administrativa municipal responsable do servizo en canto ás tarefas de planificación, control, inspección técnica ou calquera outra de policía sobre o servizo e a súa xestión técnica.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA DO SERVIZO

1. A subministración de auga potable no termo municipal do Grove é un servizo público municipal do que é titular o Concello do Grove.

2. O Concello ten as potestades de:

- a) Establecer as medidas organizativas e de prestación do servizo que estime necesarias e adoptar os acordos que en cada momento considere oportunos en execución da presente ordenanza ou aprobar instrucións de servizo para o desenvolvemento e concreción das previsións que nela se recollen, en particular en canto ás características das acometidas, características dos contadores, localización etc.
- b) A vixilancia e inspección das instalacións, a comprobación dos aparellos de medición e presión, a toma de mostras para análises periódicas do servizo, así como a lectura de contadores, actuacións que poderán levarse a cabo ben mediante persoal propio ou ben mediante contratación pública con terceiros.
- c) Ditar as ordes necesarias para manter ou repor a debida prestación.
- d) Fiscalizar a correcta aplicación das taxas pola prestación do servizo e demais liquidacións procedentes de acordo co previsto na ordenanza fiscal correspondente, e esixir o seu cobramento.
- e) Imporlles aos usuarios as correccións pertinentes por mor das infraccións que cometan.
- f) Modificar o contido das autorizacións ou título habilitante outorgado para a subministración de auga coas variacións que respondan a motivos xustificadas de interese público.
- g) Xestionar o servizo en calquera das formas de xestión previstas na lexislación aplicable.

3. Todos os bens adscritos á prestación do servizo de subministración de auga potable teñen a consideración de bens demaniais de servizo público.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

*CAPÍTULO II: OBRIGAS E DEREITOS DOS USUARIOS**ARTIGO 3. OBRIGAS DOS USUARIOS*

Constitúen obrigas dos usuarios:

1. Aboar a taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable, ou polos complementarios, conforme o establecido na ordenanza fiscal aprobada para tal efecto.

A obrigatoriedade de pagamento abrangue mesmo a aqueles casos nos que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades nas instalacións cuxo mantemento e conservación sexa responsabilidade dos usuarios e sempre que as ditas avarías lles sexan imputables. A liquidación que corresponda por mor dunha avaría determinarase en función do consumo que se estime de acordo coas previsións desta Ordenanza e da fiscal.

2. Usar a auga potable obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, nesta ordenanza e na autorización de alta, e cumprir, se é o caso, as limitacións e prioridades de uso que se dispoñan regulamentariamente.

3. Respetar as instalacións da infraestrutura do servizo e as redes de distribución que forman parte integrante do dominio público, e non realizar nelas ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización previa do Concello.

4. Conservar as instalacións particulares e as acometidas, así como aquelas que esta ordenanza establece que son da súa responsabilidade de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilízalas correctamente e respectar os precintos que garanten a integridade do contador.

5. Comunicar calquera avaría ou irregularidade das instalacións de subministración de auga que poida afectar ao funcionamento normal do servizo.

6. Permitirlle ao persoal do Concello adscrito ao servizo o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador e coa inspección ou reparación das instalacións.

7. Solicitalle ao Concello a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de usuarios ou cambio no uso da auga.

8. Contar cunha instalación interior que impida as inxerencias na rede municipal de subministración, especialmente naqueles casos nos que, ademais do servizo público de subministración, os usuarios contén cunha subministración allea á municipal.

9. As demais que, aínda non figurando comprendidas nos apartados anteriores, resultan directamente do establecido nas normas aplicables ou da presente ordenanza.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 4. DEREITOS DOS USUARIOS

Constitúen dereitos dos usuarios:

1. Acceder ao servizo en condicións de igualdade sempre que reúna as condicións e requisitos sinalados por esta ordenanza.
2. Utilizar o servizo con carácter permanente, a non ser por razóns de forza maior, e dispor nas súas instalacións de auga dos requisitos hixiénico-sanitarios e das condicións técnicas de presión axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.
3. Ser informados polo Concello de todas as cuestións que atinxen á prestación e funcionamento do servizo e recibir contestación por escrito ás consultas que presente con tal carácter.
4. Presentar as queixas ou reclamacións que xulguen oportunas en relación coa prestación do servizo, de conformidade co procedemento que recolle esta ordenanza, e obter contestación delas.
5. Recibir un xustificante do pagamento das taxas pola subministración de auga conforme á ordenanza fiscal correspondente.
6. Obter unha copia da solicitude de alta e da autorización da conexión á rede se subministración.
7. Os demais que, aínda non figurando comprendidos nos apartados anteriores, resultan directamente do establecido nas normas aplicables ou da presente ordenanza.

ARTIGO 5. PROHIBICIÓNS QUE ATINXEN AOS USUARIOS

Os usuarios non poderán:

- a) Ceder gratuíta ou remuneradamente a auga, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, a terceiros ou para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos na autorización ou solicitude de alta, sendo responsables do fraude que se produza na subministración de auga.
- b) Instalar nos encanamentos de subministración, sen a autorización previa do Concello, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte as condicións da rede de distribución e que poida interferir no servizo prestado a outros usuarios.
- c) Utilizar a auga para fins distintos dos autorizados.
- d) Realizar calquera operación que teña por finalidade que o consumo de auga non sexa rexistrado polo contador ou equipo de medición.
- e) Causar fugas de auga, sexa con carácter intencionado ou sexa por negligencia.
- f) Crebar ou manipular os precintos dos contadores ou dos equipos de medición, así como calquera outro instalado polos Servizo Municipal de Augas no exercicio das súas funcións.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

- g) Mover, cambiar ou manipular o contador do seu lugar de instalación sen autorización previa do Concello.

ARTIGO 6. REGULARIDADE DO SERVIZO E INTERRUPCIÓNS

1. O servizo de abastecemento de auga será permanente, sen que se poida interromper agás que existan causas xustificadas, forza maior ou caso fortuíto; así como por paros para proceder á reparación de avarías nas instalacións, na forma e condicións establecidas no parágrafo seguinte.

2. Cando, debido á realización de reforzos ou ampliacións das redes, instalacións de acometida ou reparación de avarías non urxentes, resulte preciso suspender a prestación do servizo, tal circunstancia deberase comunicar a quen resulten afectados mediante anuncios na prensa, se é posible, a través da emisora local ou da forma que en cada momento resulte máis útil e práctica, e con corenta e oito horas de antelación, polo menos, co fin de que os usuarios poidan tomar as medidas oportunas.

Cando, debido a avarías inesperadas nas instalacións que non admitan demora, deba igualmente suspenderse a prestación do servizo, comunicarse ao público coa máxima urxencia que a natureza da avaría o permita. En todo caso, na medida do posible, deberase dar publicidade na forma establecida no parágrafo anterior sempre que a interrupción da subministración por esta causa sexa por un período previsto maior a dúas horas.

CAPÍTULO III: INSTALACIÓNS PÚBLICAS DO SERVIZO

ARTIGO 7. ELEMENTOS MATERIAIS DA REDE PÚBLICA DE SUBMINISTRACIÓN

1. A rede de alta: abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento —que poden ser de cabeceira, de cola e reguladores—, edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conducións mestras e sistemas de regulación e control.

2. A rede de baixa: abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración aos usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios. A rede de baixa pode ser de distribución primaria e secundaria.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes sectores das áreas abastecidas, e nela non se poden realizar empalmes.

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ao longo dunha vía pública, e nela poderanse realizar empalmes ou ampliacións sempre que sexa imprescindible para garantirles a subministración aos usuarios.

ARTIGO 8. A ACOMETIDA

1. A acometida constitúe a conexión ou empalme entre a rede de subministración municipal e as instalacións interiores do usuario.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

A acometida non poderá ter unha lonxitude superior a catro metros. Cando a distancia que medie entre a rede de subministración e a conexión interior sexa superior a catro metros, os usuarios que pretendan conectarse á rede de subministración municipal deberán ampliar a rede á súa custa conforme co disposto nesta ordenanza.

2. A acometida disporá dos seguintes elementos:

- a) O dispositivo da toma (“colariño” ou “T de conexión”, de ser o caso), que se instalará sobre o cano da rede de distribución secundaria permitindo a subministración do recurso.
- b) Un cano único, que comunicará a rede de distribución coas conexións interiores e se conectará ao dispositivo de toma. Este cano non poderá ter unha lonxitude superior a 4 metros, e deberá ser dunhas características axeitadas ás condicións de subministración.
- c) A chave de rexistro ou de toma, que se deberá instalar no dispositivo da toma.
- d) A chave de corte, que constitúe o límite entre a acometida e as instalacións interiores particulares, colocarse inmediatamente antes do contador.
- e) A arqueta da acometida, que conterá os demais elementos da acometida.

3. A instalación da acometida deberá realizarse por un técnico debidamente autorizado, logo da autorización municipal, e na súa instalación deberanse respectar, en todo caso, as normas técnicas de instalación previstas nesta ordenanza.

4. Os usuarios serán os responsables do mantemento e conservación destas instalacións, así como das avarías e das fugas que se produzan nelas, sempre que lles sexan imputables, e estarán obrigados á súa inmediata reparación á súa custa, logo da autorización municipal.

CAPÍTULO IV: SOLICITUDE DE CONEXIÓN AO SERVIZO

ARTIGO 9. AUTORIZACIÓN DA CONEXIÓN

1. A conexión ao servizo de subministración de auga municipal deberá ser solicitada polo usuario ou usuarios e autorizada expresamente polo Concello do Grove. A autorización estará supeditada a que se cumpran as condicións que se establecen de seguido.

2. A autorización para executar as obras de conexión á rede de subministración necesariamente estará vencellada á autorización de alta no servizo de subministración de auga prevista nesta ordenanza, sen que se permita realizar ningunha conexión á rede sen a correspondente autorización para o uso do recurso.

ARTIGO 10. REQUISITOS DA SOLICITUDE DE CONEXIÓN AO SERVIZO

1. A solicitude de conexión ao servizo deberá levarse a cabo mediante o impreso normalizado.

2. A solicitude de conexión á rede de distribución deberá, ademais do impreso normalizado, conter a seguinte documentación:

- a) Certificado de instalación de fontanería, expedido por un instalador autorizado.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

- b) Con carácter xeral, e en función do uso solicitado, deberá achegar o título habilitante municipal (comunicación da primeira ocupación, declaración responsable ou licenza urbanística) da edificación, construción, actividade, obra...

Naquelas edificacións ou instalacións que non dispoñan do título habilitante municipal, e que se atopen en situación de fóra de ordenación por ter transcorrido o prazo para a adopción das medias para a restitución da legalidade urbanística, deberán presentar o certificado emitido por un técnico competente co fin de xustificar a conformidade do inmovible ao uso solicitado.

- c) Xustificante do título que lexitime a titularidade do inmovible ou local (escritura de propiedade, nota simple rexistral ou copia do recibo do IBI...).
- d) Xustificante do pagamento das taxas de tramitación administrativa.
- e) Calquera outra autorización sectorial que corresponda pola natureza do terreo no que se pretendan executar as obras precisas para a conexión.

3. Deberase presentar unha solicitude para cada inmovible que física ou legalmente constitúa unha unidade de edificación independente e dispor de contadores individuais para cada un deles, aínda que contén cunha soa referencia catastral.

ARTIGO 11. PRESENTACIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE CONEXIÓN

1. A solicitude de conexión será presentada ante o Concello.

2. Unha vez recibida a solicitude, os servizos municipais de vías municipais e de augas emitirán un informe sobre a procedencia ou improcedencia de realizar a conexión á rede municipal no que se indiquen as condicións que procedan.

3. A Alcaldía, ou órgano no que delegue esta competencia, logo do informe do servizo municipal competente e dos servizos técnicos municipais, autorizará ou denegará a conexión con suxeición á normativa legal aplicable.

4. A solicitude deberá ser resolta no prazo máximo de seis meses, contados desde a súa presentación.

ARTIGO 12. CAUSAS DE DENEGACIÓN DA CONEXIÓN

O Concello poderá denegar a conexión cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o inmovible non se atope situado na área de cobertura do servizo, a non ser que se proceda á extensión da rede, consonte o disposto na presente ordenanza.
- b) Que a presión da auga no punto de conexión non sexa abonda para a subministración correcta do servizo, a non ser que se instale, por conta do solicitante, o grupo de elevación ou mecanismo necesario para corrixir a devandita deficiencia. Todo iso sen prexuízo de que o Concello poida autorizar a conexión se o solicitante asume, mediante unha declaración expresa, as consecuencias da falla de presión.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

- c) Que a presión da auga no punto de conexión sexa excesiva para a subministración correcta do servizo, a non ser que se instalen por conta do solicitante as medidas de redución de presión axeitadas. Todo iso sen prexuízo de que o Concello poida autorizar a conexión se o solicitante asume, mediante unha declaración expresa, as consecuencias da falla de presión;
- d) Non se autorizarán en ningún caso as conexións á rede xeral para a subministración de auga para uso de rego de terreos e cultivos, piscinas, edificacións auxiliares como alboios, alpendres, galiñeiros etc.
- e) Que a acometida non cumpra co estipulado na ordenanza.

ARTIGO 13. REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONEXIÓN

1. Autorizar a execución das obras de empalme ou conexión á rede municipal é competencia exclusiva do Concello, que autorizará a conexión á rede municipal con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo Concello.

2. Só poderán executar obras de conexión á rede municipal aqueles instaladores que posúan autorización como tales, ben de carácter local, provincial ou autonómico, e que deberán estar dados de alta na Seguridade Social como empresas ou autónomos.

3. Os instaladores, contratistas de obras ou interesados deberán absterse de efectuar a conexión á rede xeral sen que previamente reciban por escrito a comunicación da autorización preceptiva. A execución dunha conexión sen a preceptiva autorización municipal suporá a comisión dunha infracción que dará lugar á tramitación do correspondente expediente sancionador, e iso sen prexuízo da posible liquidación por fraude que, en canto ao consumo, supoña a dita conexión.

ARTIGO 14. OBRAS DE MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE

1. Cando para a subministración do recurso sexa preciso levar a cabo unha obra de ampliación da rede de distribución para dotar de auga novas edificacións, ou cando a rede de subministración existente nunha área urbana determinada non permita satisfacer correctamente o consumo que xeren as novas solicitudes de conexión, as obras de ampliación ou modificación serán por conta do usuario ou usuarios logo da solicitude e autorización municipal, que necesariamente deberá contar cun informe do Servizo Municipal de Augas.

A execución destas obras levarase a cabo conforme as características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo Concello.

2. Os tramos de ampliación deberán de discorrer, por norma xeral, por espazo público, e quedarán incorporados á rede pública de subministración desde o momento en que se poña en funcionamento.

Nos tramos de ampliación da rede que necesariamente deban discorrer por terreo de titularidade privada, poderase constituír unha servidume a prol do Concello, que será inscrita



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

no Rexistro da Propiedade, na que se indicará a franxa de terreo do predio servinte que quedará afectado pola servidume, que, como mínimo, afectará á franxa de terreo pola que discorra a tubaxe e que lles permita aos servizos municipais o libre acceso á rede para realizaren os labores de mantemento ou reparación que, de ser o caso, correspondan.

En todo caso, os titulares dos terreos privados polos que necesariamente deba discorrer a ampliación da rede deberán pór á libre disposición do Concello unha franxa de 3,00 m de largo ao longo do percorrido, que permita o libre paso de operarios para a execución de inspección e reparacións da rede.

ARTIGO 15. CONEXIÓNS PROVISIONAIS

1. Excepcionalmente, o Concello poderá conceder conexións provisionais vinculadas á realización de obras. Estas tomas de auga enténdense outorgadas en precario e rexeranse, ademais de polas normas xerais que lles sexan aplicables, polas condicións particulares que se sinalen en cada caso. Unha vez rematada a obra, deberase anular a conexión provisional co taponado da chave de toma (“colariño”) e repoñendo o firme ao seu estado orixinal.

En ningún caso se admiten como conexións provisionais as vinculadas á execución das obras menores, consideradas como aquelas obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica.

2. A autorización para a toma de auga provisional rematará cando finalice a obra para a que se concedeu, sen que se poida empregar a dita conexión para un uso distinto unha vez rematada a obra para a que se concedeu, sen a preceptiva autorización municipal que o autorice expresamente. O promotor está obrigado a comunicarlle ao Concello a finalización da obra, o que determinará de xeito automático a perda da vixencia da autorización provisional, debendo o promotor repoñer o terreo e a conexión ao seu estado anterior.

Porén, as tomas de auga provisionais para a construción de edificacións con destino a algún dos usos previstos por esta ordenanza, que cumpran coas disposicións técnicas para tales fins e contén cos informes favorables previos dos servizos municipais sobre a súa instalación, poderanse transformar en conexións definitivas vencelladas a un dos usos autorizados por esta ordenanza cando finalice a obra orixinal, logo da autorización municipal e logo de que así se solicite polo usuario ou usuarios, sempre que aquela cumpra cos requisitos para a súa concesión. A dita solicitude deberase acompañar, ademais da documentación que nesta ordenanza se establece, da comunicación da primeira ocupación, do certificado final de obra, ou do título habilitante que permita o uso da edificación en cuestión.

3. O solicitante da conexión provisional con destino á realización dunha obra responderá solidariamente, xuntamente co usuario real, do pagamento do prezo da auga consumida.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 16. CONSERVACIÓN E MODIFICACIÓN DAS ACOMETIDAS

1. Os traballos de manexo, amaño e modificación da acometida serán levados a cabo por empresas ou profesionais especializados designados polo usuario e ao seu cargo, logo da correspondente autorización municipal.

2. Se un inmovible amplía o número de vivendas ou locais e a conexión non fose dabondo para a normal satisfacción das novas necesidades creadas, a persoa interesada poderá solicitarlle ao Concello a autorización para a substitución ou modificación da conexión preexistente. Os gastos serán por conta do usuario.

ARTIGO 17. BAIXAS NA CONEXIÓN

1. As solicitudes de baixa na conexión deberán efectuarse polo titular do inmovible, o que se poderá xustificar mediante a escritura de titularidade, unha nota simple do Rexistro, o ultimo recibo IBI ou calquera outro medio permitido en dereito para tal efecto.

2. Unha vez recibida a solicitude, os servizos municipais de augas emitirán un informe sobre a procedencia ou improcedencia da anulación da acometida.

3. A Alcaldía, ou o órgano en quen delegue esta competencia, logo do informe do servizo municipal, autorizará ou denegará a baixa da conexión segundo a normativa legal aplicable.

3. A solicitude deberá ser resolta no prazo máximo de tres meses, contados desde a súa presentación.

4. A execución das obras que sexan precisas para materializar a baixa da conexión deberanse levar a cabo mediante a empresas ou profesionais debidamente autorizados. Para a baixa da conexión, necesariamente, deberase taponar o dispositivo de toma logo da retirada da chave de rexistro ou de toma, impedindo o subministración a través da acometida.

Unha vez executadas as obras, os usuarios deberán repor os terreos ao seu estado anterior.

*CAPÍTULO V: AS INSTALACIÓNS INTERIORES**ARTIGO 18. INSTALACIÓNS INTERIORES*

1. Enténdese por instalación interior a comprendida entre a chave de corte do contador e os puntos previstos para o servizo de abastecemento dentro do inmovible.

2. En edificios de nova construción ou en rehabilitacións de edificios que atinxan a varios locais independentes, e sempre que se pretenda dar servizo a máis dun local coa mesma acometida, resultará obrigatoria a instalación dunha batería de contadores divisionaria.

A batería de contadores localizarase nun lugar provisto de iluminación eléctrica e disporá dun sumidoiro con capacidade suficiente.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

3. O persoal responsable da prestación do servizo deberá ter acceso libre e de forma permanente ao recinto no que se instale a batería de contadores, co fin de que se poida verificar e realizar a inspección regulamentaria.

4. Con anterioridade á conexión á rede xeral de toda nova instalación interior particular, o servizo de augas poderá realizar unha revisión minuciosa desta última, sen que se permita a conexión á rede se tales instalacións non cumpren coas condicións ou garantías técnicas previstas nesta ordenanza.

5. As instalacións interiores de subministración de auga haberán de ser realizadas por un técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.

ARTIGO 19. CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

1. Todo usuario está obrigado a conservar e manter as súas instalacións interiores en bo estado de funcionamento e estará obrigado a arranxar pola súa conta os danos e avarías que nelas se produzan.

As reparacións deberanse realizar no prazo máximo de dez días naturais desde que se produza o dano ou avaría.

2. Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para os bens, públicos ou privados, o Concello poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato, notificándollo ao usuario.

3. Cando exista perigo de danos inminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivado do estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible, o Concello poderá executar por si mesmo as obras imprescindibles para lle pór fin a tal circunstancia á custa do usuario, ou poderá ordenar a súa inmediata execución.

CAPÍTULO VI: OS CONTADORES

ARTIGO 20. A MEDICIÓN DO CONSUMO DE AUGA

1. A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores, que serán dalgún dos modelos oficialmente homologados.

2. Toda vivenda unifamiliar ou local en que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos disporá de dúas chaves de paso e dun contador individual, con toma de mostras e verificación, que será propiedade do usuario.

Se nun inmovible hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles disporá dun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

3. Queda prohibida a subministración a través do mesmo contador a dúas ou máis vivendas independentes, mesmo se se trata de vivendas de tipoloxía unifamiliar, sempre que nelas existan usos residenciais independentes, debendo posuír cada unha delas un contador propio e independente.

ARTIGO 21. OS CONTADORES

1. Os contadores serán dos tipos aprobados e verificados polas delegacións de industria ou outros organismos competentes, e deberán reunir as esixencias do regulamento de contadores, sen que poidan ser instalados ou manipulados por persoas non autorizadas.

2. A instalación dos contadores deberá ser autorizada previamente polo prestador do servizo, e deberá levarse a cabo por un instalador debidamente autorizado.

Queda prohibida a manipulación dos contades por parte dos usuarios.

3. A rachadura do precinto do contador constitúe una infracción moi grave, sancionable de acordo co previsto na presente ordenanza.

4. A manipulación do contador, ou a manipulación ou rachadura do seu precinto, suporá que o contador perda a súa validez, polo que haberá de ser verificado na Consellería de Industria antes de que se poida instalar novamente co correspondente precinto, ou ser substituído por un contador novo.

5. Os contadores para vivendas serán de 13,20 e 25 mm con distintos diámetros de rosca en entrada e saída; para uso industrial os diámetros serán de 32, 40, 50, 63, 75 mm.

ARTIGO 22. SITUACIÓN OU POSICIÓN DOS CONTADORES

1. Os contadores deberán estar situados nun lugar axeitado, accesible e de fácil acceso para a toma de lecturas, en posición horizontal preto da chave de corte da acometida, á altura do baixo e na parte de fóra do inmovible.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores instalaranse nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común con acceso directo desde o portal de entrada.

ARTIGO 23. CONSERVACIÓN DOS CONTADORES

1. Os contadores forman parte das instalacións interiores, polo que serán de titularidade da cada usuario, sendo responsabilidade deste o seu mantemento e, de ser o caso, a súa substitución en caso de avaría, que deberá ser autorizada previamente polo servizo de augas.

2. O contador só poderá ser obxecto de manipulación polo instalador autorizado, logo da autorización do Concello.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

3. Cando os servizos técnicos municipais comprobren a existencia de irregularidades ou avarías no contador, o Concello requirirá o titular do inmovible para que no prazo de dez días o repare ou substitúa. Transcorrido o dito prazo, o Concello poderá suspender a subministración de auga, sen prexuízo das posibles infraccións nas que o usuario puidese incurrir.

ARTIGO 24. RENOVACIÓN PERIÓDICA DE CONTADORES

1. De acordo co previsto na Orde do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do 7 de febreiro de 2020 (BOE 24.02.2020), pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida, a vida útil dos contadores fíxase, para os efectos desta ordenanza, en doce anos, debendo ser substituídos os contadores que a teñan esgotada nun prazo máximo de cinco anos desde a entrada en vigor da devandita orde.

2. A substitución levarase a cabo por parte do instalador autorizado, por conta do usuario, logo da autorización do Concello.

ARTIGO 25. DESMONTAXE E SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES

1. Deberase desmontar o contador cando concorra algunha destas circunstancias:

- a) Por revogación da subministración, por algunha das causas previstas na presente ordenanza, debidamente acreditadas, logo da tramitación do correspondente expediente con audiencia do titular do inmovible.
- b) Por avaría do aparello de medida, aínda que non exista reclamación do usuario.
- c) Por necesidade de renovación do contador.
- d) Por alteración do réxime de consumo, de tal maneira que supere a capacidade teórica do contador.

2. Cando sexa preciso desmontar o contador polos motivos indicados nos apartados b), c) e d), o contador necesariamente deberá ser substituído por un novo que cumpra coas especificacións técnicas establecidas nesta ordenanza.

3. A desmontaxe ou substitución de contadores será sempre realizada por un instalador autorizado e supervisada polo Concello. Par tal fin, o titular do inmovible haberá de solicitar a correspondente autorización municipal e non se poderá levar a cabo a dita montaxe ou desmontaxe en tanto non se obteña a autorización correspondente.

ARTIGO 26. VERIFICACIÓN DE CONTADORES

1. Se un usuario estima que o volume de auga realmente consumido non se corresponde co rexistrado no contador, poderá solicitarlle ao Concello que autorice a súa desmontaxe por unha empresa ou profesional autorizado, co fin de remitilo á Consellería de Industria para a súa revisión. A remisión do contador será efectuada polo propio usuario. No caso de que a Consellería informe que as medicións do contador non son correctas, o Concello haberá de



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

devolverlle ao usuario o importe que corresponda ao exceso de medición, durante o prazo dos catro anos anteriores.

2. As tolerancias para verificación de contadores serán as que sinale o Centro Nacional de Metroloxía ou unha entidade pública equivalente.

3. Se o funcionamento do contador é incorrecto e o usuario o solicita, o Concello revisará as facturacións por consumo de auga correspondentes aos seis meses anteriores á solicitude de verificación, coas porcentaxes de desviación detectadas.

CAPÍTULO VII: SOLICITUDE DE SUBMINISTRACIÓN

ARTIGO 27. SUXEITOS DA RELACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN

1. Só estará lexitimado para solicitar a alta no servizo de subministración de auga potable o titular do inmovible, acreditando a dita titularidade por calquera medio admisible en dereito.

2. Se o solicitante do servizo é unha comunidade de propietarios, intervirá en nome dela o seu presidente ou administrador.

3. Cando a subministración de auga sexa con destino á execución dunha obra, o solicitante será o titular da licenza urbanística que a abeire.

ARTIGO 28. INCAPACIDADE PARA SER TITULAR DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Están incapacitadas para seren titulares do servizo de subministración de auga as persoas que, tendo sido usuarias del con anterioridade, desen lugar á suspensión do servizo por incumprimento das súas obrigas. Porén, desaparecerá a causa de incapacidade se a persoa á que lle afecta —ou calquera outra en nome dela— cumpre as obrigas que motivaron a suspensión do servizo.

ARTIGO 29. OBXECTO DA SUBMINISTRACIÓN

1. As autorizacións de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local, industria ou obra que constitúa unha unidade independente.

2. A subministración de auga enténdese adscrita ao uso para o que se conviu e non se poderá destinar a outros fins distintos dos que a motivou.

ARTIGO 30. DURACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

O acordo de subministración sinalará o prazo de vixencia desta e entenderase prorrogado tacitamente polo mesmo período, a non ser que cun mes de antelación o usuario lle advirta ao Concello, de xeito expreso e por escrito, o seu desexo de dalo por rematado.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 31. CAMBIO DE TITULARIDADE

1. Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmovible ou industria obxecto de subministración, o novo titular deberallo comunicar por escrito ao Concello no prazo dun mes.

2. En caso de falecemento do titular do servizo, poderase subrogar na súa posición calquera dos seus herdeiros (cónxuxe, descendentes etc.) mediante unha comunicación por escrito ao Concello da dita circunstancia.

ARTIGO 32. USOS AUTORIZABLES PARA O SERVIZO DE AUGA

Os usos para os que se autorizará a conexión e a subministración estarán comprendidos nalgún dos seguintes:

- a) Usos domésticos
- b) Usos industriais
- c) Usos de obras
- d) Usos comerciais
- e) Usos especiais

ARTIGO 33. DEFINICIÓN DOS USOS POSIBLES

1. Usos domésticos: todos aqueles que respondan ás necesidades vitais como bebida, preparación doméstica de alimentos, limpeza do fogar, aseo persoal etc. Queda expresamente excluído da consideración como uso doméstico o servizo para limpeza de garaxes, piscinas ou análogos. O uso da auga para outros fins distintos do doméstico autorizará o Concello ao cambio do tipo de tarifa con carácter retroactivo, logo do informe do Servizo Municipal de Augas, sen prexuízo da adopción doutras medidas contempladas na presente ordenanza.

2. Usos industriais: todos aqueles nos que a auga se utilice para a súa transformación mecánica ou química tanto en produtos alimenticios, separada ou conxuntamente con outros produtos tales como conserveiras, depuradoras etc., así como os usos que se leven a cabo nos establecementos hostaleiros, de restauración e locais de ocio nocturno etc.; ou naqueles establecementos nos que se leven a cabo actividades que precisen dun uso da auga que exceda o comercial, como é o caso dos salóns de peiteado, os ximnasios, os lavadoiros de coches, as gasolineiras etc.

3. Usos para obras: todos aqueles nos que o recurso se empregue para construír, rehabilitar, reconstruír ou levar a cabo calquera tipo de obra que precise dunha licenza urbanística.

As autorizacións vencelladas á execución de obras terán sempre carácter provisional de acordo coa disposto nesta ordenanza.

O Concello resérvase a posibilidade de suspender a subministración do recurso, logo de audiencia ao interesado, por falta de execución da obra ou por interrupción inxustificada



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

durante a execución da obra que exceda dos seis meses, e isto sen necesidade de que se declare a caducidade da licenza que a ampara.

Do mesmo xeito, a declaración de caducidade da licenza determinará a suspensión da subministración.

No caso de obras que se van executar sobre unha edificación existente que conte con subministración previa debidamente autorizada polo Concello, coa concesión da licenza de obra acordarase o cambio de uso, que pasará a ser de obra, e que será provisional mentres dure a execución da obra. Rematada esta, o usuario deberá comunicarlle a dita circunstancia ao Concello, recuperando o uso que inicialmente estaba autorizado.

A subministración para a utilización dun uso distinto do autorizado inicialmente unha vez rematadas as obras deberá ser autorizada expresamente polo Concello, logo de que se acredite a adecuación da instalación ao uso pretendido.

4. Usos especiais: todos aqueles que non se poidan incluír nos restantes usos.

5. Usos comerciais: todos aqueles para os cales a subministración se realice para pequenos locais de venda ou subministración aberta ao público, tales como comercios de roupa, froiterías, perfumerías, ferretarías etc., e en xeral locais que só dispoñan dun aseo para uso propio.

6. En caso de seca ou como consecuencia da falla de subministración, só se garante auga para uso doméstico, sen prexuízo da posibilidade de autorizar para determinadas industrias cuxos procesos produtivos dependan da subministración.

7. As concesións realizaranse de maneira separada para cada un dos usos definidos e para cada predio ou vivenda, aínda cando estean contiguos e pertencen a un mesmo dono.

8. Cando por parte do prestador do servizo se constate a existencia dun uso non autorizado, facultarase ao Concello para interromper a subministración e, para os efectos de facturación, terá a consideración de uso especial. E todo iso sen prexuízo das responsabilidades administrativas nas que o usuario poida incurrir.

9. Para os efectos de facturación, os usos para ter en conta serán os previstos na ordenanza fiscal vixente. Mentres non se modifique a ordenanza fiscal adaptando os seus usos aos previstos na presente ordenanza, a aqueles usos non previstos pola ordenanza fiscal que si estivesen contemplados nesta, aplicaráselles a tarifa correspondente aos usos especiais para os efectos de facturación.

ARTIGO 34. CAMBIO DE USO

1. Os usuarios poderán solicitar un cambio de uso a calquera dos admitidos pola presente ordenanza.

2. O cambio de uso necesariamente deberá ser autorizado polo Concello sempre que as instalacións cumpran coas condicións técnicas para o uso que se pretende.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

*CAPÍTULO VIII: CONDICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**ARTIGO 35. GARANTÍA DE PRESIÓN E CAUDAL*

1. O Concello está obrigado a prestar o servizo de subministración de auga a domicilio coa presión da rede á altura da rasante da vía pública pola que cada inmoible teña a súa conexión.

2. Se as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) non son abondas para satisfacer as necesidades do usuario, este deberá realizar pola súa conta e cargo as instalacións necesarias para conseguir aquelas condicións, recorrendo a sistemas e materiais que estean homologados pola Administración, contando con depósito de almacenamento de auga para 24 h como mínimo.

ARTIGO 36. CONTINUIDADE DO SERVIZO

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo nas condicións sinaladas no artigo anterior.

ARTIGO 37. SUSPENSIÓN TEMPORAIS DO SERVIZO

1. O Concello poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:

- a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, de reparación ou de melloras nas instalacións públicas.
- b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos usuarios.
- c) Por causas de forza maior.

2. Cando se deban producir cortes previstos e programados, o Concello deberá avisar con antelación aos usuarios, cando menos con vinte e catro horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume.

ARTIGO 38. RESERVAS DE AUGA

1. Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os usuarios que desenvolvan actividades industriais, comerciais ou de servizos nas que se precise a auga de xeito ininterrompido e inescusable para preservar a saúde pública e a seguridade das persoas e dos bens, deberán dispor de depósitos de reserva con capacidade abonda e adoptar as medidas precisas para garantir a continuidade das citadas actividades.

2. A mesma obriga compételles aos usuarios que destinen a auga ao funcionamento de aparellos ou instalacións industriais que se poden ver danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución na subministración, de xeito que deben asegurar o autoabastecemento cando menos durante 24 horas.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

3. O Concello non é responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os usuarios non cumpran as obrigas previstas nos dous apartados anteriores.

ARTIGO 39. RESTRICIÓN NA SUBMINISTRACIÓN

1. O servizo de subministración de auga potable ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación e, preferentemente, as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, en casos xustificados o Concello, poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización. Neste caso o Concello está obrigado a informar os usuarios, a través dos medios de comunicación, das medidas que se van adoptar, da data de iniciación, da duración previsible e das razóns que as motivan.

CAPÍTULO IX: LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN

ARTIGO 40. PERIODICIDADE DA LECTURA DOS CONTADORES

1. O Concello manterá un sistema de lectura dos contadores permanente e periódico.

2. A facturación de consumo realizarase con carácter periódico e conforme o importe establecido na ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo.

ARTIGO 41. LECTURAS

1. A lectura farase con carácter preferente en horario de mañá, sen prexuízo de que se poida realizar noutro horario cando por circunstancias xustificadas non se poida realizar a visita en horario matutino, e realizarase por persoal autorizado do Concello, que se identificará coa súa correspondente credencial.

2. Cando por causas alleas ao Concello non fose posible efectuar a lectura dun contador, o persoal encargado da lectura deixará un aviso da súa visita na caixa do correo do inmobile, que consistirá nunha nota na que se recollerá aquela circunstancia e coa que se acompañará un impreso de lectura.

No impreso indicarse o número de contador, a dirección e a data en que se pasou a facer a lectura.

O usuario deberá cubrir por si mesmo o impreso de lectura, que deberá entregar nas dependencias municipais no prazo máximo de dez días, contados desde a visita do persoal do Servizo Municipal de Augas. Os impresos de lectura recibidos despois dese prazo poderán ser considerados ineficaces, o que determinará que, para os efectos de facturación, se aplicará



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

unha cota fixa determinada pola ordenanza fiscal vixente para cada uso, sen prexuízo do que se sinala no artigo 44 relativo á estimación do consumo neste suposto.

ARTIGO 42. DETERMINACIÓN DO CONSUMO

1. O consumo de cada usuario en cada período vén determinado pola diferenza entre a última lectura que se tivo en conta e a do momento en que se realice a nova lectura no período que corresponda.

2. O Concello soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

3. Se a través da lectura do contador se detectan consumos desproporcionados ou fóra do común, esta circunstancia seralle comunicada ao usuario de maneira presencial, telefónica ou postal para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

ARTIGO 43. LECTURA EN CASO DE AVARÍA NO CONTADOR

1. Cando se produza unha avaría no contador, haberase de substituír por un novo, o que deberá ser comunicado ao Concello no prazo máximo de dez días.

2. Na comunicación deberase indicar a lectura do contador que se substitúe no momento en que se retira para os efectos da estimación do consumo efectivo, o que se poderá facer achegando unha fotografía da lectura do contador retirado ou por calquera outro medio que permita acreditar a lectura do devandito contador no momento da súa substitución.

ARTIGO 44. CONSUMOS ESTIMADOS

1. Cando non sexa posible coñecer o consumo realmente realizado por un usuario por mor dunha avaría no equipo de medición, ou esta non lle fose comunicada ao Concello, a lectura para os efectos de facturación estimarase en función da media resultante dos consumos correspondentes ás catro lecturas inmediatamente anteriores.

2. No caso de que non existan datos históricos para calcular o consumo consonte o que se establece no parágrafo anterior, para os efectos de facturación estimarase un consumo medio por un período de: 50 m³/período para o uso doméstico; 300 m³/período para o uso industrial; 200 m³/período para o uso de obra; 200 m³/período para o usos especiais e 80 m³/período para usos comerciais.

3. Os consumos calculados conforme o que dispoñen os dous apartados anteriores terán carácter definitivo sempre que se trate dunha estimación derivada dunha avaría no equipo de medición.

4. Cando non fose posible ler o contador por circunstancias alleas ao Servizo Municipal de Augas ou por non cumprir as instalacións coas características previstas nesta ordenanza, o consumo virá determinado polo valor que se comunique por parte do usuario ante o requirimento



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

municipal ao que se refire o art. 41, que será provisorio mentres non sexa comprobado polo Servizo Municipal de Augas.

5. No caso de que o usuario non atenda en prazo o requirimento municipal de facilitar a lectura do contador, o resultado desta será de sen lectura e, para os efectos da facturación, aplicarase unha cota fixa establecida para cada uso prevista na ordenanza fiscal vixente.

Nestes supostos, no momento en que o Servizo Municipal de Augas tome unha lectura do contador que determine o consumo durante o período en que non se puido establecer unha lectura, o usuario responderá nese período do consumo efectivamente comprobado desde a última lectura.

Cando medien catro ou máis anos entre a imposibilidade de realizar a lectura do contador e o momento en que efectivamente se poida comprobar, para os efectos de determinar o consumo que corresponde en cada período, a estimación será por semestres e repartida de xeito proporcional entre o número de semestres durante os que non se puido comprobar o consumo.

ARTIGO 45. FUGAS NAS INSTALACIÓNS INTERIORES E NA ACOMETIDA

1. O usuario responderá das fugas que se produzan nas instalacións interiores, que se presumirán ocasionadas por culpa ou negligencia deste, sen prexuízo de que se acredite o contrario. Nas fugas de auga que se produzan nas instalacións interiores e sexan rexistradas polo contador, o consumo para os efectos de facturación virá determinado pola cantidade efectivamente rexistrada.

No caso que o usuario acredite que a fuga non foi ocasionada pola súa culpa ou negligencia, a estimación do consumo para os efectos da facturación determinarase conforme o previsto na ordenanza fiscal vixente durante o período que corresponda.

2. A estimación do consumo por mor de fugas que se produzan ao longo da acometida liquidarase por un mínimo de 50 m³, sen prexuízo de que o Servizo Municipal de Augas, logo da emisión dun informe, xustifique un consumo maior.

Cando o Concello constatase a existencia dunha avaría da que se informase ao usuario para que a reparase e este non atendese o requirimento no prazo indicado, a liquidación que corresponda aumentarase nun 20%.

O usuario responderá do consumo comprobado sempre que a fuga fose provocada pola intervención culposa ou negligente do usuario na acometida ou por inobservancia da súa obriga de mantemento e conservación das instalacións.

ARTIGO 46. CORRECCIÓN DE ERROS NA FACTURACIÓN

1. O usuario poderá obter do Concello calquera información referida ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos, taxas aplicadas e, en xeral, a calquera cuestión relacionada coa subministración prestada nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

2. Nos casos en que por erro imputable á entidade subministradora se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferenzas ao longo dun período de tempo igual a aquel ao que se refiren as facturacións erróneas, ata o máximo dun ano.

3. Cando o usuario lle presente ao Concello unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se basee e achegará os xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación que corresponda.

O Concello deberá resolver as reclamacións de devolución dos usuarios por ingresos indebidos o máis axiña posible e, en calquera caso, no prazo máximo de tres meses desde que se presente a reclamación.

CAPÍTULO X: SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

ARTIGO 47. CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

1. O Concello poderalles suspender a subministración de auga aos usuarios polas seguintes causas:

- a) Por falta de pagamento da facturación por subministración de auga, logo de que non resultara posible o seu cobramento na vía de prema, sempre que previamente se lle tivese advertido da posibilidade de suspensión da subministración, concedéndolle un prazo de polo menos 10 días para a regularización da súa situación.
- b) Por inexistencia de autorización que abeire a subministración. Neste caso o Concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.
- c) Por falta de pagamento dunha liquidación firme por fraude no uso da auga, transcorrido o prazo de quince días desde que lle fose presentada para o seu cobramento.
- d) No suposto de que o usuario instale nas súas instalacións de subministración, sen autorización municipal, bombas ou calquera outro aparello que poida afectar á rede de distribución da súa contorna e ao servizo prestado a outros usuarios.
- e) No suposto de que un usuario derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes aos sinalados na autorización da conexión.
- f) No suposto de que o usuario non lle permita a entrada no seu inmovible ou local ao persoal autorizado polo Concello para revisar ou inspeccionar as instalacións.
- g) Por se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración, entendendo por tales as realizadas sen autorización do Concello. Nestes casos, o Concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.
- h) No suposto de que o uso que lle dea á auga o usuario ou o estado das súas instalacións interiores poidan afectar negativamente as condicións de potabilidade na rede de distribución. Neste caso o Concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

- i) No suposto de que o usuario non cumpra a orde de modificación das condicións da caixa do contador, da súa substitución ou de reparación das instalacións interiores para adecualas ás condicións regulamentarias.
- j) No suposto de que non sexa posible a lectura do contador durante dous períodos de facturación consecutivos.
- k) Por negligencia grave do usuario na conservación das súas instalacións.
- l) Por utilización inadecuada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos contratados.
- m) Por infracción das restricións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas.
- n) No suposto de que os contadores non se atopen situados en lugar de doado acceso para a súa lectura, ou incumpran as previsións desta ordenanza, e o interesado fose requirido para a súa correcta colocación ou para a emenda das deficiencias, conferíndolle para tal efecto un prazo mínimo de entre tres e dez días, sen que atendese a tal requirimento.
- o) Por non reparar as fugas na acometida de subministración. Nestes casos, o Concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.

2. A potestade de suspensión da subministración enténdese que o é sen prexuízo das outras accións legais que sexan procedentes para esixirlles aos usuarios as responsabilidades en que puidesen incurrir.

ARTIGO 48. PROCEDIMENTO DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

1. Comprobado o incumprimento dalgunha das obrigas por parte do abonado, o Concello requiriralle ao usuario que cumpra coa obriga que corresponda, no prazo de tres días hábiles. De non facelo no prazo indicado, poderase suspender o servizo, notificándollo ao interesado con antelación abonda, sen prexuízo daqueles supostos nos que, conforme a presente ordenanza, se pode suspender o servizo con carácter inmediato.

2. A suspensión da subministración non poderá realizarse en día festivo ou no que, por calquera motivo, non exista servizo completo administrativo e técnico de atención ao público para efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en véspera do día en que se dea algunha destas circunstancias.

3. A notificación de suspensión de subministración incluirá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Nome e dirección do abonado.
- b) Nome e dirección do abono.
- c) Detalle da razón que orixina o corte.
- d) Nome, dirección, teléfono e horario onde poidan emendarse as causas que orixinaron a suspensión da subministración.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 49. EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

1. A subministración de auga extinguirase:

- a) Por solicitude do usuario.
- b) Por solicitude do dono do inmovible aínda que non sexa o usuario, sempre que probe que este perdeu o dereito de uso do inmovible.
- c) Polo transcurso do prazo da autorización e, de ser o caso, da súa prórroga.
- d) Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ao que estaba destinada a subministración.
- e) Por decisión do Concello nos seguintes casos: 1) no suposto de que o beneficiario do servizo non teña a calidade de usuario, isto é, non dispoña dunha autorización de subministración ao seu nome; 2) por cambio do uso ao que estea destinada a subministración; 3) cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporten perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para os bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables; e 4) cando o usuario incumpra as condicións da autorización de subministración.

ARTIGO 50. RETIRADA DO CONTADOR

Cando se acorde a extinción da subministración, o usuario deberá retirar o contador.

*CAPÍTULO XI: INFRACCIÓNS FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E RESPONSABILIDADE**ARTIGO 51. INFRACCIÓNS FRAUDULENTAS*

Constitúen infraccións fraudulentas:

- a) O consumo da auga sen a previa concesión da autorización que abeire a subministración.
- b) A manipulación do contador ou equipo de medición de consumo de auga.
- c) A existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición.
- d) A utilización da auga para usos diferentes aos autorizados.

ARTIGO 52. INSPECCIÓN

1. Cando o Concello teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requiriralle por escrito que a corrixa no prazo de tres días e advertiralle que, de transcorrer o devandito prazo sen que o fixese, suspenderá a subministración da auga.

2. Se a infracción consiste na derivación ilegal de caudal, o Concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

3. Se co gallo da comprobación dunha denuncia por infracción fraudulenta o usuario lle denega a entrada no inmovible ao persoal inspector, o Concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 53. A LIQUIDACIÓN POR FRAUDE

1. Cando non exista autorización que abeire a subministración, liquidarase unha facturación por fraude que se corresponderá co valor rexistrado polo contador ou, no caso de que este non exista, realizarase unha estimación de acordo co previsto no art. 44 desta ordenanza sobre consumos estimados, incrementada nun 50%.

2. Cando a fraude consista na manipulación do contador ou equipo de medición, liquidarase unha facturación por fraude por un consumo que deberá ser determinado polo Servizo de Augas Municipais, incrementada nun 50%.

3. Se a fraude consiste na derivación de caudais de auga antes do equipo de medición, liquidarase unha facturación por fraude por un consumo que deberá ser determinado polo Servizo de Augas Municipais, incrementada nun 50%.

4. Cando se utilice a auga para outros usos diferentes aos autorizados, con prexuízo na facturación, a liquidación realizarase aplicándolle ao volume de auga consumido a diferenza entre a taxa correspondente do uso real da auga e a autorizada, incrementada nun 50%.

5. A liquidación seralle notificada ao usuario coa advertencia de que contra ela pode interpor, no prazo dun mes, recurso de reposición.

ARTIGO 54. RESPONSABILIDADE PENAL POR FRAUDE

O que dispoñen os artigos anteriores enténdese sen prexuízo da responsabilidade penal por defraudación en que poida incurrir o usuario infractor, conforme o artigo 255 do Código Penal.

*CAPÍTULO XII: DAS ACCIÓNS LEGAIS, INFORMACIÓN E RECLAMACIÓNS**ARTIGO 55. ACCIÓNS LEGAIS*

O Concello, mesmo despois da suspensión da autorización de subministración, poderá levar a cabo cantas accións administrativas, civís e penais considere oportunas en defensa dos seus intereses e dereitos, tanto para a recadación das taxas correspondentes, a liquidación das cantidades que procedan en caso de fraude, a imposición das sancións que procedan, logo da tramitación do expediente sancionador correspondente, ou mesmo para promover a acción penal por fraude.

Ademais, no caso de que a suspensión do servizo fose declarada improcedente, o usuario poderá esixir a debida indemnización, sen prexuízo de poder emprender as accións administrativas, civís e penais que considere oportunas en salvagarda dos seus intereses.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

ARTIGO 56. RECLAMACIÓNS AO CONCELLO, TITULAR DO SERVIZO

O usuario poderá formular a reclamación que estime oportunas relacionadas coa prestación do servizo. Tamén ten dereito a solicitar una acta conxunta de presenza emitida por persoal do servizo de augas.

*CAPÍTULO XIII: RÉXIME SANCIONADOR**ARTIGO 57. INFRACCIÓNS*

1. Non poden ser obxecto de procedemento sancionador outras infraccións que as especificadas por esta ordenanza, sen prexuízo do disposto pola lexislación sectorial.

2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. No suposto de que a lexislación sectorial tipifique condutas non descritas neste capítulo a súa clasificación axustarase á presente ordenanza, sen prexuízo de aplicar correccións necesarias.

3. Son infraccións moi graves:

- a) Provocar voluntaria ou involuntariamente retornos de auga cara á rede pública con perigo de alterar as súas condicións de potabilidade.
- b) Os comportamentos negligentes ou maliciosos que provoquen calquera tipo de contaminación na rede.
- c) A rachadura ou manipulación dun precinto.
- d) A reincidencia na comisión de infraccións graves no prazo máximo dun (1) ano.

4. Son infraccións graves:

- a) O abuso da subministración concertada, consumindo caudais desproporcionados en relación á actividade do usuario, sen causa xustificada.
- b) Destinar a auga para usos diferentes dos pactados ou non autorizados.
- c) A subministración de auga a terceiras persoas non autorizadas, ben sexa de xeito gratuíto ou de xeito oneroso.
- d) Impedirlle a entrada ao persoal do servizo en horas de normal relación co exterior ao lugar das instalacións, conexión e contador.
- e) Abrir ou pechar a chave do rexistro existente antes do contador, tanto se está precintada como se non.
- f) Non atender os requirimentos do Concello para reparar os defectos observados na súa instalación, no prazo que se indique.
- g) Instalar contadores sen autorización municipal. Desta infracción serán responsables non só o titular do inmovible, senón tamén o instalador.
- h) A reincidencia na comisión de infraccións leves no prazo máximo dun (1) ano.
- i) Os consumos fraudulentos previstos no artigo 51 desta ordenanza.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

5. Son infraccións leves:

- a) Calquera acción ou omisión que infrinxa a presente ordenanza, que non se atope expresamente clasificada como moi grave ou grave.
- b) A descarga non autorizada de auga na vía pública, procedente da instalación interior particular.
- c) Tomar auga de fontes públicas para usos distintos dos domésticos e municipais.

ARTIGO 58. SANCIONES

1. As clases de sancións que se poden impoñer son as seguintes:

- a) Multa económica.
- b) Suspensión, permanente ou temporal, da prestación do servizo.
- c) Clausura, temporal ou permanente, da conexión ao servizo.
- d) No caso de persoal profesional que realice actuacións constitutivas de infracción, a prohibición de levar a cabo actuacións na rede municipal nun período de ata un ano.

2. As sancións imporanse con independencia da responsabilidade civil ou penal que proceda.

3. A contía das multas será como mínimo de 200 euros e como máximo o permitido pola lexislación sectorial. Consonte o previsto na Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, a gradación das multas será por infraccións leves ata 750 euros, por infracción graves ata 1.500 euros e por infraccións moi graves ata 3.000 euros.

4. A competencia para resolver os expedientes e impor as sancións polas infraccións da presente ordenanza será do alcalde.

5. Os criterios de gradación das sancións poderán ser tanto obxectivos (afectación á saúde e seguridade ambiental, alteración social, gravidade do dano, posibilidade de reparación e beneficio obtido) como subxectivos (grao de malicia, grao de participación e capacidade económica).

CAPÍTULO XIV: NORMAS TÉCNICAS DAS INSTALACIONES

- a) Sección primeira: Normas técnicas aplicables ás acometidas

ARTIGO 59. CONDICIONES DAS ACOMETIDAS

As acometidas haberán de atermos ás seguintes previsións:

1. A tubaxe de entrada na vivenda deberá estar sempre á vista ou enfuscada pola parte exterior da entrada ao inmoible.

2. A distancia desde a conexión na rede de distribución, incluído o “colariño”, ata a conexión co contador non poderá exceder de 4 metros, xa que, en caso contrario, se deberá ampliar a rede existente.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

Nos casos en que sexa preciso ampliar a rede municipal existente, a tubaxe deberá contar polo menos cun diámetro de 75 mm, PE-100 AD para uso alimentario e presión de 16 atm. Sempre que se coloque tubaxe debora ser tapada con area fina polo menos nunha altura de 30 cm por enriba e 20 por debaixo, e a profundidade mínima de tubaxe desde a parte alta ata a rasante deberá ser de 60 cm.

4. As tubaxes da acometida deberán ser de polietileno media densidade, PE-100-AD de 16 atm, e para uso alimentario.

5. A distancia entre a tubaxe da subministración de auga e as doutros servizos (gas, electricidade, augas residuais etc.) será como mínimo de 40 cm.

6. A tubaxe de auga potable sempre discorrerá por enriba destas outras tubaxes, singularmente das de augas residuais.

7. Os accesorios de conexión da tubaxe deberán de ser polimetal VX.

b) Sección segunda: Normas técnicas aplicables ás restantes instalacións

ARTIGO 60. CONDICIÓNS APLICABLES ÁS VIVENDAS UNIFAMILIARES

1. A tubaxe de acometida será de polietileno de media densidade, cunha resistencia térmica de 45° centígrados, como mínimo, e a presión do servizo de 16 kg/cm² para uso alimentario e diámetro mínimo de 25 ml de carga homologada, co selo de control de calidade. As pezas de conexión serán de polimetal latón.

2. A arqueta de acometida será de ladrillo furado dobre, de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente cunha dimensión que permita o manexo da chave, sendo recomendable unha dimensión de 50x50x40 con tapa de rexistro de fundición de 40x40, que deberá soportar unha resistencia mínima de 40 Tm. Tamén pode ser de PVC SN4 e no seu interior colocarse a chave de rexistro. A súa colocación será preferentemente no “colariño” na tubaxe xeral de distribución.

3. O armario para o contador instalarse fronte á vía pública, no exterior da propiedade ou inmovible, en lugar accesible para a lectura, a 50 cm do chan e con medidas mínimas de 30x40x20 cm. Dotarase dunha porta con pechadura fixada polo servizo de augas. Despois do contador colocarse unha chave de verificación do contador e unha de retención cunha chave de corte de 25 mm de aceiro inoxidable.

ARTIGO 61. CONDICIÓNS APLICABLES A EDIFICIOS COMUNITARIOS

1. As partes fundamentais de que constará a instalación son:

- a) Acometida con chaves de manobra de aceiro inoxidable.
- b) Instalación xeral interior.
- c) Instalación interior.
- d) Batería de contadores.



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

2. As normas técnicas que deben ser observadas nestes casos son as seguintes:

- a) A acometida e a tubaxe que enlaza a instalación xeral do inmovible coa rede de distribución atravesará o muro de cerramento do edificio por un orificio practicado polo propietario, de tal xeito que permita a libre dilatación do tubo e a impermeabilización. A tubaxe admitirá unha presión de servizo de 16 kg /cm² e diámetro fixado en cada inmovible segundo as características da solicitude.
- b) A chave de toma de aceiro inoxidable colocarse sobre a tubaxe da rede de distribución no colariño, abrindo paso á acometida. A xustificación da súa instalación ten por obxecto permitir a realización de manobras nas acometidas sen que a tubaxe deixe de estar en servizo. Situarase dentro dunha arqueta cega dunhas dimensións mínimas 40x40 cm de ladrillo furado dobre a 1/2 pé e cunha tapa de rexistro de fundición que deberá soportar un peso mínimo de 40 Tm. Tamén se pode empregar tubo de parede grossa SN4 co diámetro esixido. A entrada das tubaxes na arqueta deberán dispor dunha separación de 2 cm, tapada con espuma de poliuretano.
- c) A chave de rexistro estará situada sobre a acometida na vía pública a carón do edificio. Os particulares non poderán manipulala sen autorización municipal. Situarase nunha arqueta de ladrillo HD de 1/2 pé de espesor revestido interiormente de 50x50x40 cm, e cun tubo PVC SN4 con tapa de rexistro de fundición de 40x40 cm que deberá soportar un mínimo de 40 Tm. Colocarase na beirarrúa fronte á propiedade ou inmovible do solicitante. A chave será de comporta o asento inclinado de esfera de aceiro inoxidable
- d) A instalación interior deberá ser realizada por un instalador autorizado, dado de alta na Seguridade Social autónomo ou empresa, deberá contar cunha batería de contadores divisionarios ao final do tubo de alimentación, en lugar de fácil acceso para a lectura dos consumos.
- e) A válvula de retención e a de verificación situarase sobre inmediatamente despois de cada contador particular.
- f) En caso de edificios con auga quente central, disporase ademais dun contador que controle o consumo dedicado a este uso con chave de corte ao comezo do ramal.

ARTIGO 62. INSTALACIÓNS PARA USOS INDUSTRIAIS

Dado o carácter que poden revestir as condicións técnicas desta clase de subministracións, o técnico municipal do servizo especificará individualmente para cada solicitude as prescricións necesarias para as autorizacións.

ARTIGO 63. INSTALACIÓNS PARA USOS DE OBRA

A execución xeral da acometida será a cargo do usuario ou promotor das obras, e serán de aplicación as seguintes condicións:

- a) A tubaxe da acometida será de polietileno de media densidade pn 16 e uso alimentario, dun diámetro que fixará o Servizo Municipal de Augas segundo as necesidades da



Luns, 2 de setembro de 2024

Núm. 170

solicitude, conectada á rede xeral de abastecemento por medio dunha chave de toma, colocada con carácter definitivo.

- b) O armario para o contador terá carácter provisional e colocarse no exterior do cerre da obra, dotándoo dunha porta con pechadura. Despois do contador dispórase dunha chave de corte de aceiro inoxidable, dunha retención e dunha de verificación.

ARTIGO 64. INSTALACIÓNS PARA USOS ESPECIAIS

Dadas as características que poden revestir os usos posibles, as autorizacións concederanse con base nas especificacións técnicas que para cada caso concreto determine o Servizo Técnico Municipal.

- a) As instalacións en uso que non cumpran as especificacións determinadas no presente regulamento deberán adecuarse ás prescricións dos artigos anteriores.
- b) As rachaduras de tubaxes de subministración de auga que resultasen consecuencia de aperturas para canalizacións para construcións de obras, por guindastres encima das beirarrúas, camións etc. deberán ser reparadas polos causantes da rotura.

CAPITULO XV: ACCIÓNS E RECURSOS

ARTIGO 67. RECURSOS

Contra as resolucións expresas ou presuntas que dite o Concello en materias relacionadas coa aplicación da presente ordenanza, os interesados poderán interpor o correspondente recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo perante os órganos correspondentes da dita xurisdición.

ARTIGO 68. XURISDICIÓN COMPETENTE

Todas as cuestións relacionadas co abastecemento de auga potable que se poidan suscitar entre os abonados e o Concello, calquera que sexa a súa índole, entenderase que son de natureza administrativa, competencia dos xulgados e tribunais da xurisdición contencioso-administrativa territorialmente competentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O impreso normalizado para a conexión adaptado á presente ordenanza deberá formalizarse nun prazo dun mes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

